A DEMOCRACIA E OS SEUS RETOS NO MUNDO ACTUAL

1. A IDEA DE DEMOCRACIA

As teorías do contrato social (agás a de Hobbes) impulsan a superación do absolutismo e preparan o camiño para a democracia moderna, dado que fan especial fincapé na idea de limitación e control do poder político por parte dos cidadáns. Sen embargo o concepto e a práctica actual da democracia ten influenzas de moitas outras tradicións e experiencias desenvoltas ao longo da historia. Podemos afirmar, polo tanto, que a nosa idea e práctica democrática é moi polivalente e aberta, como resultado desa amalgama. Facemos, a continuación, un breve repaso desas influenzas que pasaron a formar parte esencial do concepto actual de democracia.

1.1. A democracia grega

A primeira idea de democracia, e o propio termo que a designa, teñen orixe na forma de organización política das *polis* gregas do século V a. d. C. A democracia grega era unha democracia asemblearia na que podían participar tódolos cidadáns, non só opinando e votando, senón tamén ocupando cargos públicos, que mesmo moitas veces eran cubertos por sorteo. Esta modalidade de democracia asemblearia, directa (non existía ningún Parlamento) era posible por dúas circunstancias: a pequena dimensión das *polis* e a restrición dos dereitos políticos só a unha minoría da poboación: os varóns maiores de idade, libres e sen unha orixe estranxeira.

Por outra parte, no mundo antigo, e especialmente nas *polis* gregas, non existía unha diferenciación entre “sociedade civil” e “Estado”. O individuo inseríase na comunidade dun xeito natural sen unha clara separación entre intereses privados e interese público (como xa analizamos nos temas de ética). A maiores as diferenzas sociais e económicas non eran moi grandes, dado que non existía unha economía de acumulación capitalista, senón mais ben un réxeme de pequena propiedade (os escravos estaban fóra do sistema), o cal propiciaba unha homoxeneidade de valores e estilo de vida.

Con todos estes ingredientes, é evidente que a democracia grega respondía a unha sociedade moi diferente da nosa; mesmo se baseaba nun concepto de cidadanía restrinxido e excluínte, como tivemos ocasión de ver en temas anteriores. Sen embargo, pese a estas diferenzas e limitacións, esta forma de concibir a democracia exerceu -e segue a exercer- unha poderosa influenza na teoría da democracia, pois encarna polo menos dous dos seus ideais últimos:

1) A busca e definición harmoniosa dun ben común.
2) A superación da división entre gobernantes e gobernados (isto é, entre políticos profesionais activos e cidadáns politicamente pasivos), etc.

A referencia a estes ideais, gravitará ao longo da historia do concepto de democracia tal como iremos percibindo a través deste tema.

1.2. A tradición republicana e o seu transvase ao liberalismo

O concepto, e o termo de "república" (en latín "cousa común") ten orixe no mundo antigo. O primeiro teórico deste concepto foi o grego Aristóteles, un crítico moderado da democracia asemblearia, que propuxo un sistema político no que estiveran equilibrados as diferentes estratos sociais (aristócratas, clases acomodadas, populares, etc.). Este modelo vai ser desenvolto e posto en práctica na antiga *República* romana. Posteriormente o modelo inspirará os réximes políticos dalgunhas cidades-estado italianas do Renacemento e na Inglaterra da época moderna.

A idea central do republicanismo é achegar a política á busca do "ben común", pero sen perder de vista que na sociedade existen estratos sociais con intereses diferenciados. O ideal é a constitución dun *goberno mixto* no que *participen* os distintos estratos da sociedade para que atenda aos intereses que son comúns a todos, mais alá dos diferenciais. Trátase de acadar un "equilibrio" que impida que unha facción da sociedade se faga con todo o poder e dexenere en abusos e corrupción do sistema.

Este republicanismo tradicional non é de seu aínda democrático, pois cando fala de "participación" está a referise a corpos sociais, non aos individuos; e cando fala do "ben común" está a referirse só a algo así como "o mínimo común divisor" dos intereses de cada estrato social, non a unha igualdade política entre eles. Sen embargo, o republicanismo tradicional experimentará un xiro democrático radical, moderno, cando se produzan as revolucións burguesas e se elimine o sistema estamental.

En efecto, coa desaparición dos estamentos, tralas revolucións burguesas, o novo republicanismo impulsará dous conceptos básicas:

1) A idea de "participación" que se sumará á reclamación do sufraxio universal
2) A idea de "equilibrio" do poder que logo será recollida e reciclada polo liberalismo para desenvolver o novo concepto de *división de poderes*, tal como imos ver a continuación.

1.3. O liberalismo político

O liberalismo nace como un amplo movemento ideolóxico de oposición ao "antigo réxime". Este movemento presenta varias dimensións (política, económica, filosófica, axiolóxica, etc.) que sería moi longo desenvolver aquí, polo que nos limitaremos aos seus aspectos políticos mais relevantes para o desenvolvemento da democracia.

Quizais ninguén expresou mellor a idea do liberalismo político que J. Locke. Segundo el, como tivemos ocasión de ver ao analizar a súa teoría do contrato social, o poder político nace por vontade e acordo entre individuos que teñen

unhas liberdades e dereitos naturais que son inalienables. Deste presuposto derívanse dúas consecuencias: en primeiro lugar, que o poder político non ten mais finalidade que a protección das liberdades e dereitos dos individuos, e en segundo lugar, que o poder político deberá estar sempre controlado para que non se extralimite na súa función, para o cal será fundamental: a) que exista a posibilidade de depoñer aos gobernantes (e para iso nada mellor que que sexan elixidos só por un tempo limitado) e b) que o poder estea dividido en instancias que se controlen mutuamente (lexislativo, executivo e xudicial).

O liberalismo político aporta pois á idea de democracia dous dos seus ingredientes básicos:

1) O principio da defensa e garantía duns dereitos fundamentais.
2) O principio da división de poderes

1.4. A idea socialista

O liberalismo clásico entende a política como defensa dos dereitos e liberdades do individuo. Pero eses dereitos son concibidos con dúas características: 1) cun carácter puramente *negativo*, é dicir, como prohibicións de que ninguén obstrúa o goce dos mesmos ("teño dereito a que ninguén me impida vivir, opinar, emprender actividades económicas, etc.), e b) cun carácter puramente *individual*, orientado á esfera do interese e activade privada (dereito a vivir a "miña vida", a expresar as "miñas opinións", a emprender os "meus negocios", etc.)

Pero o trunfo da revolución industrial capitalista, na primeira metade do século XIX, trouxo consigo unha serie de transformacións sociais que deron lugar a un movemento obreiro e revolucionario orientado a un dobre obxectivo: a) a loita por estender o dereito de participación política a tódolos cidadáns (sufraxio universal), e b) a loita por esixir uns dereitos *sociais* (goce dun mínimo de benestar económico, cultural, etc). Estes novos dereitos teñen xa un carácter claramente *positivo*, e será tamén tarefa do poder político garantilos.

Podemos dicir, pois, que os ideais socialistas, que inspiran os movementos obreiros e revolucionarios do s. XIX, aportaron ó concepto de democracia actual dous ingredientes fundamentais:

1) A inclusión duns dereitos sociais no catálogo de dereitos básicos.
2) A extensión do dereito de participación política a tódolos cidadáns.

1.5. A idea de representación política

En contraste coa democracia grega antiga, a teoría e a práctica da democracia actual inclúe como elemento esencial e insubstituíble a idea de representación política, dado que a enorme extensión dos Estados modernos impide unha democracia asemblearia.

Agora ben, o exercicio da representación política non era inicialmente democrático. En realidade a idea de representación ten orixe na práctica dos reis da Idade Media que ás veces convocaban asembleas dos diferentes estamentos por separado para tratar asuntos puntuais (recadación de impostos, problemas na sucesión monárquica, declaración de guerras, etc): Estas asembleas, ou "parlamentos" (en Castela chamábanse "cortes") estaban compostas por delegados ou representantes con simple *mandato imperativo*, isto é, coa obriga de limitarse a ser meros voceiros dos representados, sen poder opinar nin decidir por si mesmos.

Pero cando se empezou a pensar na necesidade de democratizar as extensas sociedades modernas, xurdiu unha forte polémica entre os autores da época. Por un lado, autores como Rousseau opoñíanse á idea de representación, por considerala pouco democrática, e avogaban por pequenos Estados ao estilo grego; dende outro ángulo, autores como J. Madison defendían a representación como única vía para a democratización das sociedades, afirmando a posibilidade de Estados democráticos moi extensos.

A polémica entre asembleístas e parlamentaristas decantouse finalmente en favor dos segundos (actualmente tódalas democracias son parlamentarias). Pero esta aceptación foi posible porque o concepto de representación democrática moderna xa non se basea nun mandato imperativo senón nun *mandato representativo*. Dito doutro xeito, os representantes parlamentarios modernos non son meros voceiros de intereses dun sector da sociedade, senón mais ben axentes aos que os lectores lles prestaron temporalmente a confianza para que definan entre eles na asemblea parlamentaria o interese xeral**,** porque a asemblea popular de tódolos cidadáns resultaría imposible.

Pero a vinculación dos parlamentarios co interese xeral non implica que estes non teñan color político; mais ben ao contrario, pertencen a partidos políticos dispares -mesmo na práctica adoitan manter unha "disciplina de voto"-, pero cada un deles é soberano, mentres dura o seu mandato, para interpretar por si mesmo e decidir co conxunto da asemblea parlamentaria o que deba ser de interese xeral.

2. MODELOS DE DEMOCRACIA

Tralo anterior repaso dos diversos ingredientes do concepto actual de democracia, é doado comprender que existan diferentes modelos teóricos de democracia, segundo se acentúen máis ou menos algúns destes ingredientes. A importancia destes modelos non se limita ao plano teórico, xa que serven a miúdo para inspirar e xustificar opcións e prácticas políticas diferentes.

Pero antes de expoñer os dous modelos actuais mais influentes, ímonos referir brevemente ao que se adoita chamar modelos históricos "precursores". Trátase dos modelos asemblearios grego antigo e republicano radical

defendido por Rousseau, analizados xa anteriormente. Ambos modelos descansaban na idea dunha sociedade sen grandes diferenzas económicas, por carecer dun sistema de gran propiedade capitalista. A escasa tensión entre interese privado e ben común permitiría nestas sociedades unha verdadeira "democracia popular". O marxismo retomará en certo modo este modelo para rexer a sociedade sen clases que se instaure trala eliminación revolucionaria da propiedade privada dos medios de produción. Pero o colapso do chamado "socialismo real" de inspiración marxista arrombou a idea de "democracia popular" e deixou reducido os modelos de democracia aos dous tipos que expoñemos a continuación.

2.1. A democracia como un simple instrumento de protección

Este modelo foi desenvolto basicamente en dúas etapas: na primeira metade do s. XIX e na primeira metade do s. XX:

a) A primeira elaboración do modelo foi levada a cabo por J. Bentham e J. Mill no contexto do Estado liberal clásico. Estes autores conciben a democracia como un mero instrumento para garantir o goce de bens privados. A participación política dos cidadáns non é un fin en si meso (por iso non sería necesario que gozaran todos do dereito de sufraxio) senón un medio para o control do goberno. Dende este enfoque, a cuestión non é propiamente *quén* goberna, senón mais ben *cánto* (ata qué punto) e *cómo* goberna.
b) Unha versión posterior desta concepción é a chamada "teoría elitista" da democracia, desenvolta por V. Pareto e J. Schumpeter nun contexto de sufraxio universal. Segundo estes autores, a democracia é un "instrumento mais do mercado". Por un lado están as elites políticas (os políticos profesionais), que actúan como "empresarios" que ofertan ao mercado programas para gobernar a sociedade; por outro lado, están os cidadáns que se comportan como simples consumidores elixindo o programa que mais lles gusta. Afóndase, así, a división entre gobernantes, dedicados profesionalmente á política, e gobernados, dedicados ás súas actividades privadas. O fin da democracia non é propiamente "un goberno do pobo", senón mais ben "un goberno querido polo pobo",

Baixo estes enfoques da democracia xace unha concepción filosófica do home como un *animal económico*, como un "maximizador de utilidades esencialmente privadas". A política debe deixarse en mans de "profesionais", aínda que por suposto, deben estar controlados democraticamente para evitar que se extralimiten.

2.2. A democracia como participación e autorealización persoal

Este modelo, que conecta dalgún xeito co ideal grego de democracia, foi desenvolto tamén en dúas fases: a segunda metade do s. XIX e a segunda metade do XX.

a) Un dos teóricos mais destacados deste modelo no s. XIX foi J. Stuart Mill. Segundo o seu enfoque, a participación na vida democrática é necesaria, non só para a protección dos goces privados, senón tamén para o desenvolvemento e mellora da dimensión moral e social dos individuos. Aínda que Stuart Mill se inscribe nunha perspectiva liberal, sen embargo non concibe a liberdade unicamente como negación de impedimentos ("liberdade de") como os liberais mais clásicos, senón tamén como realización de posibilidades ("liberdade para").
b) Na segunda metade do s. XX desenvólvense diversas teorías que avogan polo afondamento na participación democrática. Quizais a mais destacada sexa a chamada teoría da "democracia deliberativa" desenvolta sobre todo por J. Habermas. Segundo este enfoque, a liberdade e autonomía persoal do individuo é o ben mais valioso, pero só se desenvolve e fai posible en cada individuo a través da comunicación e cooperación racional cos demais. Unha democracia realmente participativa deberá desenvolverse a un dobre nivel: a) o *institucionalizado* e regulamentado (parlamentos, corporacións municipais, eleccións, partidos, etc.) e b) o *informal* ou non regulamentado que debe enraizarse e actuar dende a base da sociedade (con movementos sociais e cidadáns, foros de opinión, etc) para, dende el, facer presión sobre o primeiro nivel, marcándolle as pautas, valores e metas aos que se debe dirixir.

Tras estes enfoques da democracia xace unha concepción filosófica do home como un *animal político*, que só se autorrealiza en diálogo con outros. A práctica da democracia non se reduce a un procedemento para dirimir de xeito non violento conflitos de intereses particulares, senón que tamén -e fundamentalmente- constitúe unha "forma de vida" valiosa en si mesma, porque nela se desenvolve o sentido moral da xustiza e a capacidade de cooperación racional cos outros.

3. O ESTADO DEMOCRÁTICO DE DEREITO

Os diversos ingredientes do concepto actual de democracia -que, como vimos de analizar, se foron sumando ao longo da historia- quedan consagrados legalmente na noción xurídica de "Estado de Democrático de Dereito", na que se asentan os Estados que realmente son democráticos.

As notas que definen a un "Estado de Dereito" poderían sintetizar nos catro puntos seguintes:

1) Imperio da lei: un "Estado de Dereito" non só crea e aplica as leis, senón que tamén se somete el mesmo a elas: ninguén está por enriba da lei.

2) División de poderes: o poder lexislativo (parlamento), executivo (goberno) e xudicial (órganos de aplicación da xustiza) mantéñense en equilibrio, contrapesándose mutuamente.
3) Legalidade da Administración: a propia Administración e as súas actuacións están tamén sometida á lei e ao control xudicial.
4) Dereitos e liberdades fundamentais: o obxectivo do Estado é garantir xurídica e formalmente os dereitos fundamentais (tamén os sociais), e darlles contido real na práctica.

A consagración legal do Estado Democrático de Dereito plásmase na Constitución, á cal terá que someterse todo ordenamento xurídico posterior do Estado.

4. OS RETOS DA DEMOCRACIA NO MUNDO GLOBALIZADO ACTUAL

A consolidación e avance da idea -e sobre todo da práctica- da democracia dentro dos Estados estivo chea de vicisitudes. Non tódolos Estados seguiron a mesma traxectoria, e as voltas para tras abundaron mesmo en sociedades que previamente viviran en democracia. Na actualidade o prestixio e lexitimidade da democracia é moi alto. Tal é así que practicamente tódolos réximes políticos existentes se definen a si mesmos como democráticos. Sen embargo, a realidade dista moito de ser así. Existen certos Estados que non son democráticos e moitos outros sono na letra da súa Constitución pero non na práctica política real.

Podemos, pois, afirmar que un dos retos da democracia actual consiste en facer real e efectiva a democracia formal proclamada na letra de moitas Constitucións. Certo que asumir unha vida social democrática require a presenza de certas coordenadas culturais -e mesmo morais- nunha sociedade que ninguén pode impoñer dende fóra, pero si fomentar e propiciar. Este sería o papel dos Estados democráticos que están consolidados e son influentes.

Pero quizá o maior reto que se lle presenta á democracia no mundo actual sexa o de constituír e desenvolver institucións supraestatais internacionais autenticamente democráticas. A solución ao problemas globais non pode vir só da man dunha potencia, nin sequera dunha cantas, que sempre terán os seus intereses implicados no problema, senón do diálogo do tódalas sociedades do planta. A globalización dos problemas esixe a globalización tamén da democracia.